

ID#593

Leduzo - Cerqueda - Malpica de Bergantiños, 1980-03

Informantes: Calviño (45) e Celestino (40)

Compiladora: Dorothe Schubarth

Transcripción: Dorothe Schubarth e Antón Santamarina

Edición da presente ficha: Isabel Vigo



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Continuación do corte anterior: MPG_SchSa_0139_002_en_Ponteceso_IV_1_0_12_44_id592

Destácanse en negrita as partes da letra incluídas no Cancioneiro Popular Galego (Vol.V 26)

Calviño:

**Pois empecemos de novo
que xa tomamos café
qu'este rolo qu'empezamos
hai que darlle alghunha feie;**

Celestino:

**Eu por esto que che digho
eu non falo por cobizã
ghustame qu'ã miña 'storiã
que se vexa por Suízã;**

Calviño:

**Non t'encañes Cilistino
mir'o aire pr'onde vai
porqu'a siñorã xã dixo
qu'est'a Suízã non vaie;**

Celestino:

Díxp,' aghora' à Siñora
que eu non tou morto nin preso
que esto qu' iba ser labrare
polo visto a Puenteceso;

Calviño:

Esto pra puñerlle ruta
pedíndoch' o por favor
halle de poñe-la cinta
pra senti-lo directore;

Celestino:

O director si a sinte
qu' eu con esto non mendino
claro qu' ha de comprendere
qu' é Calviñ' e Celestino;

Calviño:

Viñeron traer de aló
foi nunha tarde sin frío
quedou de vir Don Francisco
por d'aghora n-aparcío;

Celestino:

Porque mira Don Francisco
que cho digh' a pouca voz
sabe o pouco qu' eu comprendo
e ben máis trampón que nose;

ID#593



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Calviño:

Aghora mira prós curas
que'a doutrina que nos fan
qu'as súas historias novas
os ajemplos que nos danhe;

Celestino:

Eu xa non taba enganado
que cho digho a pouca voz
mira ti fíjate benhe
que son ministros de Diose;

Calviño:

Serán ministros de Dios
qu' eu non o hei de naghare
se son ministros de Dios
non nos deben d' enghañare;

Celestino:

Engañar xa non t' engañan
qu' hai un ponto de razón
pró si ti lle dis mentira
fíjate na confesiónhe;

Calviño:

Cheghou a lughar señora
con manatófón moi fino
a se non fora Calviño
non topaba Celestrino;

Celestino:

Ghracias que viñech' alóe
e pasach' alghún traballo
demáis se me manda aviso
eu presentábame en Tallo;

Calviño:

Pois trai pr' aquí esa man
qu' er de boas condicións
qu' os amighos neste mundo
ben se ven nas ocasiónse;

Celestino:

Home parece mentira
que ch' hei falar pola leie
sobe pouco qu' eu comprendo
Calviño nunca falteie;

Calviño:

Foches un rapaz complido
compliche-lo que dixeches
dendes que nos conocemos
nunca falta me fixeches;

ID#593



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Celestino:

Unha cousa coma iesta
como debes comprendere
que se teñ' entendemento
pois non cho penso facere;

Calviño:

Prá cheghou esta suíza
buscando na súa maña
buscando dous cantadores
pra ghrabar alghén en España;

Celestino:

Moita ghracias usté señora
qu' eu non quero ser
que todo canto quería
hao de lovar ghrabado;

Calviño:

Pro a quen ll' hai qu' da-las ghracias
e non te m' estrañes desto
ai eses bos profesores
pro no ó de Corcoesto;

Celestino:

**Eu o detalle x'o vexo
qu'eu vou polo mund'adiante
qu'unque estudiou pra cura
pois teño por un mangante;**

Calviño:

Ti mancante non lle chames
que so no lle ghust' à el
se cadra inda nos somos
ai máis mangantes ca ele;

Celestino:

Eu mangante nunca foie
qu' eu cho digh' a pouca voz
pró seica que o aprenten
é máis mangante ca nose;

Calviño:

Eu non o conozo ben
buena nai que me pariu
pró as palabras que dixo
hoxe con nos n-as complú;

Celestino:

Heiche deci-la verdaie
bueno Dios que te pintou
comprería unhas palabras
pro conmigho non falou;

ID#593



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Calviño:

Quedou de vir ond' a ti
qu' eu atordado non 'staba
hoxe chegh'a túa casa
e ti non sabías nada;

Celestino:

Deixemos ese labore
pola sighbiente razón
debíamos de seghire
o conto da votaciónhe;

Calviño:

Aghora tom' unha idea
inda hei de pensar ben
que pra face-lo que queren
non voto mais pra ninghenhe;

Celestino:

Heiche decir unha cousa
qu' eu o detalle xa vin
qu' eu votei cai' ò alcalde
send' un contrario pra minhe;

Calviño:

Pois fíjate ben das cousas
qu' eu son un rapaz formal
que ti vas votar pra un
o mundo di que non vale;

Celestino:

Quer' arranghlar unha pista
mira ti que cualidá
fixen a reclamación
maldita perra nos vaie;

Calviño:

Pois faina ben feita ti
que cho vou decir contento
qu' agora está de floxa
hai cartos no Untamiento;

Celestino:

Home deso xa o comprendo
que eu non tou morto nin preso
que donde sueltan o peso
polo visto en Puenteceso;

Calviño:

Tamos facend' unha pista
con muito de esplanación
e temo-los cartos xuntos
non nos falt' òn pataconhe;

ID#593



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Celestino:

Queremos arreglar esta
vimos estricando brazos
desd' o lughare das Cortes
por Leduzo a Trapazos;

Calviño:

Dunha ghanarán a ioutra
Celestro voucho contare
hai qu' ir a ese Untamiento
que esa haina que esfaltare;

Celestino:

Ti tamén xa o comprendes
son listo com' ónha vela
qu' astra ieu co meu amoto
non podo pasar por ela;

Calviño:

Ta toda chea de baches
díghocho nunha palabra
todos son altos e baixos
parez' unha leir' àrada;

Celestino:

Eu metinme nalghún bache
un día a boa ihora
lovaba la marcha damaise
e houben de saltar fóra;

Calviño:

Pois non andes a correr
e ghíate por Calviño
aghora deixamos esto
cambiamos de camiño;

Celestino:

Eu non entendo os labores
ientre xente rexubeira
pois deixemos estas cousas
seghimos por donde queiras;

Calviño:

Miña tía fai café
a leña fai moito fume
poñall' o tella a esa pota
se quer o que hai ó lume;

Celestino:

Faill' lumiño con xeito
que cho digh' a boa ihora
non o apurede máis
se cadra vaise por fóra;

ID#593



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Calviño:

Porqu' eu café coma ieste
inda n-o toma calquera
que un café natural
millor qu' o da cafetera;

Celestino:

Todos cantos me portesten
que ios teño por idiotas
qu' en tod' o mundo non haie
millor cò café da pota;

Calviño:

E ti si miras pras vellas
qu' en Ghalicia hai moi poucas
cando se poñen ò sol
discutind' unhas cas outras;

Celestino:

**Eu tāmén vin muitas vellas
son eu desa cualidá
e sínte-las descutire
pró qu'as vellas ten verdáie;**

Calviño:

Hai algunhas de sesenta
quen di a verdá non peca
que discute ca comadre
falan d' ir a discoteca;

Celestino:

Quen me dera de as vere
neghar n-o hei de neghare
qu' unha destas de sesenta
quen ma dera vela a bailare;

Calviño:

Agharrans' unhas ás outras
inda falan de ter mozo
si as ves nas discotecas
agharradas ó pescozo;

Celestino:

Si as vira ai ó pescozo
neghar n-o hei de neghare
eu quitáball' unha foto
que ben habían quedare;

Calviño:

Unha foto non llah quites
non vin comadre pra iela
despois si a ve o home
e moita disghacia dela;

ID#593



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Celestino:

Home parece mentira
non ... calidá
qu' o home vive tranquilo
maldito ansia lle daie;

Calviño:

**Homes hainos mui tranquilos
qu'eu tamén x'os conocín
o choio da discotecã
pois pouco me gust'a minhe;**

Celestino:

Aguardam' a min Calviño
como digno de Xaviña
pois podemos arreghlar
vai na túa a maila miña;

Calviño:

As nosas na discoteca
habían presentar ben
anqu' a miña de momento
os setenta non os tenhe;

Celestino:

Pois a miña pasa ialgho
qu' esta non é carallada
van facer boa parexa
vaina...

Calviño:

Tira o blanco polo neghro
agharradas a camisa
os qu' están na discoteca
botan a noite de risa;

Celestino:

Pro eu hei d' ire eu tamén
qu' eu levo ... así
se así os vexo rir moito
pois a ... d' alíe;

Calviño:

Pro ti fíjate nas vellas
todas son boa nabiña
qu' eu onte vin riñir dúas
por culpa dunha ghaliña;

Celestino:

A mais eu xa vin rir máise
pro aí cheghou no malo
que riñeron moitas máis
pola ghaliña do ghalo;

ID#593



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Calviño:

Empezou pr' aí o conto
eran de boa nabiña
ihasta que prende-lo ghalo
veu pr' ond' a miña ghaliña;

Celestino:

A máis eu vin riñir outra
por aí chegou no malo
porque lovab' a ghaliña
reclamaba polo ghalo;

Calviño:

As mulleres das aldeas
si 'mpezan a latricare
xuntas unha ducia delas
que forma de rexubare;

Celestino:

En cambio de verdaie
non é mintireiro
que todos estes detalles
non pasan no estranxeiro;

Calviño:

No estranxeiro n-o sei
non son du número un
non hai capital pra ieso
ó 'stranxeiro nunca funhe;

Celestino:

Pero ti di a verdá
dunha vez fuches ó mare
e vichelas na Curuña
no-as sinteche rexubere;

Calviño:

Nunca sintín rexubar
Celestro quéroche ben
pro no muelle da Curuña
hainas que temperan benhe;

Celestino:

Home se cheghas ó muelle
millor veda non a ihai
que tiran moito ó alarghe
e moito piores no-as hai;

Calviño:

Vin alí unhas vez dúas
propias de natureza
unha quitou unha zoca
doull' á outra na cabeza;

ID#593



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Celestino:

Zorregoulle na cabeza
falar non hei de falare
zorregoulle no curoto
que a podía obrigare;

Calviño:

Aquí na nosa Ghalicia
que eu aínda non o cría
nesta cuadrilla das vellas
temos moita bruxería.